


# RUMBO<sup>4</sup> à REDE

EDLG ≡ IES San Clemente ≡ Santiago de Compostela

# *Rumbo<sup>4</sup> á rede*

Equipo de Dinamización da Lingua Galega  
IES San Clemente, Santiago de Compostela



Título: Rumbo nº 4

Publica: Equipo de Dinamización da Lingua Galega - IES San Clemente  
Rúa San Clemente s/n - 15705 Santiago de Compostela - Galiza  
[www.iessanclemente.net/edlg](http://www.iessanclemente.net/edlg)

Licenza: [creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0](http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0)  
Tes permiso para compartir este libro: copialo, distribuílo e transmitilo.  
Podes transformalo, se o resultado final o distribúes con esta licenza.  
Debes atribuír as obras aos autores.  
Non podes utilizar os contidos deste libro para fins comerciais.  
Cada autor ten todos os dereitos reservados sobre as súas obras.

Website: [www.iessanclemente.net/rumbo](http://www.iessanclemente.net/rumbo)

Contacto: [edlg@iessanclemente.net](mailto:edlg@iessanclemente.net)

Deseño editorial: Marcos Vence Ruibal

Revisión: Lourenço Álvarez Ruiz

Ilustracións:

Portada: [Flickr.com/Inga Vitola](https://www.flickr.com/photos/inga_vitola/)

Páxina 6: [Freemages.com/Carlos Paes](https://www.freemages.com/users/Carlos_Paes/)

Páxina 10: [Freemages.com/sonny jackson](https://www.freemages.com/users/sonny_jackson/)

Páxina 12: [Pixabay.com/geralt](https://www.pixabay.com/users/geralt/)

Páxina 13: [Pixabay.com/Pexels](https://www.pixabay.com/users/Pexels/)

Páxina 21: [Freemages.com/Carlos Koblischek](https://www.freemages.com/users/Carlos_Koblischek/)

Impreso en Galiza: Create - Santiago de Compostela

Primeira edición: Xuño 2019

ISSN: 2529-8798

Depósito Legal: C 809-2016



### ***Cuarto número da publicación "Rumbo"***

Nesta publicación do EDLG pretendemos recompilar e dar visibilidade a todo o material que ano tras ano xuntamos grazas aos concursos (literario, de postais e de marcapáxinas) e aos certames de relato breve, de microvídeo e, por primeira vez, fotográfico.

Lembrede que todos os membros da comunidade educativa tedes a porta aberta para publicar os vosos textos, opinións, reflexións, imaxes e ilustracións, sen maior pretensión que a de ter unha lembranza de cada ano escolar no IES San Clemente.

Animádevos a participar!

### ***Rumbo á rede***

Durante este ano o EDLG do noso centro participou no programa "Proxectos de innovación en dinamización lingüística" do Plan Proxecta, co proxecto, "Rumbo á rede", título que reflicte a nosa vontade de traballarmos en cooperación con EDLGs doutros centros educativos.

Un dos obxectivos do proxecto era que o alumnado de DAW crease una páxina web para o CEIP Viñagrande, outro exemplo de cooperación entre centros e de traballo en rede e na Rede.

### ***Índice***

9º concurso de felicitacións de aninovo.....	4
4º certame de relato breve.....	6
4º certame de microvídeos.....	15
Certame fotográfico MatematicARTE.....	16
32º concurso literario.....	18
9º concurso europeo de marcapáxinas.....	25
Proxectos eTwinning.....	26
Outras actividades.....	27

**9º concurso de felicitacións de aninovo**

**Yolanda Valencia Rodríguez**

**1º premio**



**Christian Trillo Mouzo**

**2º premio**



**Roi Fuentes Pena**

**3º premio**



## ***4º certame de relato breve***

### ***Nunca é tarde ata que o é - María Serafín Martínez***

Sentou na cadeira do xardín traseiro para ver a posta de sol. Pensou nas veces que dixo “de algo hai que morrer” sen ter realmente presente o significado desas palabras. Colleu un cigarro e prendeuno. Tralas palabras do médico este sería o último que fumaría, o de despedida. Deu unha calada, o seu rostro palideceu, “parece que a única despedida será a miña”, pensou mentres botaba a man ao peito, “polo menos é unha boa última vista”. Soltou o cigarro, el tamén caeu ao chan, a paisaxe viuse nubrada polo fume do tabaco ante os seus ollos mentres a súa vida se esgotaba antes de que o vento consumise o lume do seu último cigarro.



## ***Acción social - Damián Garrido Portela***

Puiden ver a Nuria dende a fiestra do meu estudio, nunca imaxinara cando me mudei que había ter diante dos meus fociños a sala de estar do seu apartamento e que non se preocupase por baixar as persianas ou correr as cortinas.

Hai moitos anos que nos coñecemos, foi unha das miñas compañeiras en primaria e a miña primeira moza de verdade, digo de verdade porque botamos un par de anos saíndo xuntos e con ela chegaron os primeiros bicos, penso tamén que estar namorado por primeira vez dunha rapaza pode considerarse algo serio.

Hai días que teño pensado facer algo, non aturo un día máis a ese merdento dándolle esas malleiras a Nuria; creo polas poucas veces que o puiden ver dende a ventá que non levan moito tempo xuntos; pero xa van tres veces que lle pon a man enriba e ela acaba chorando de xeonllos pedíndolle que pare.

Non entendo como foi dar con ese personaxe e tampouco que un home poida tratar dese xeito a unha muller, estou decidido a argallar algo pero aínda no sei o que facer para acadalo. Sinto que é algo persoal polo cariño que aínda lle teño.

Xa van varios meses nos que o acoso social a este tipo é continuo, tanto pola miña parte como por moita xente que contactei e tamén coñece a Nuria. Non pasa un minuto no que o deixemos tranquilo, pensamos continuar ata que marche da súa casa ou mesmo da vila.

Ninguén atopa por ningures o individuo, que lle pasaría?

Acabo de ler a noticia, atoparon o corpo dun home afogado no río en Fornelas, o cadáver non presenta signos de violencia aínda que están á espera da autopsia.

Quizais estou tolo ou eu vexo a Nuria máis feliz despois de todo isto.



### ***Gustaríame ter dito até logo e non adeus - Nerea García Porto***

Sempre lembrarei cando eramos uns inocentes cativos que xogaban no parque mentres nosas nais falaban de non-sei-o-que. Que ben o pasabamos cando nos poñiamos nos bambáns e intentabamos saltar quedando de pé. Cantas areas nos tiveron que sacar as nosas nais con pinzas... Éranche as risas.

Sempre lembrarei cando eramos uns imparables adolescentes que xogaban a afrontar o mundo á nosa maneira mentres nosas nais quedaban na casa tomando o café e falando de non-sei-o-que. Que ben o pasabamos cando nos contabamos as nosas aventuras de amor de instituto e verán, intentando quedar ben un co outro... Éranche as risas.

Sempre lembrarei cando eramos uns imbéciles “adultos” que xogaban aos acochos de novo, coma de cativos, mentres nosas nais quedaban na casa tomando o café, fumando tabaco e falando de non-sei-o-que. Que ben o pasabamos cando enchiamos os pulmóns daquel fume tan dispar ao do tabaco... Para nós, éranche as risas.

Sempre lembrarei cando eramos unhas persoas totalmente esnaquizadas que xogaban a non tirar máis pedazos de si mesmos por aí mentres nosas nais xa non tomaban o café, xa non fumaban tabaco e xa non falaban de non-sei-o-que. Dixémonos adeus un día despois da terapia na que tiñamos as esperanzas plantadas, pero tropezaches co teu propio pé. E marchaches. Marchaches con elas. Nosas nais sempre o dixeron: morte, cárcere ou rehabilitación. Pero para nós, imbéciles nós, éranche as risas. Agora, xa non eran as risas. Agora, era a morte.

Sempre lembrarei cando che dixen aquel adeus... Gustaríame ter dito até pronto e que as risas fosen tan puras coma antes. Esas si que che eran unhas boas risas.

## ***Vidas opostas - Concepción Álvarez Rilo***

O seu cabelo tinguido de prata facíalle parecer algo maior. Miraba cara a atrás cun leve sorriso preguntándose si algunha vez Maggie foi feliz ao seu lado, ou se talvez pola contra, foi o materialismo o que a fixo vivir con ilusión unha etapa temperán do seu matrimonio.

Alí quedaba a súa casa, a súa muller, os seus fillos e o seu can, un golden retriever moi cariñoso que estrañaba de cando en vez máis que a ninguén e que lle dirixía unha mirada de comprensión cando todo parecía derrubarse.

Instalárase nun apartamento no centro da metrópole e trouxera o seu piano. Peter era un ser bohemio que desfrutaba da vida tranquila inda que fora en pleno Manhattan, onde daba clases nunha universidade. Ceos grises ensombrecían as rúas, pero na cidade, nada impedía o alboroto do xentío que ía de aquí para alá. Socialmente houbera algún cambio. Maggie inscribírase nun club para mulleres separadas e collera afección ao tenis.

Pero todo, para que? A súa vida ía seguir sendo igual de aburrída. A medida que pasaba o tempo íase dando conta de que Peter deixara un baleiro na súa existencia e tentou retomar a relación con el. Estaba disposta a perdoarlle todos os improprios e todo o que supuxera unha pequena falta ou tacha.

Cando puido reencontrarse con el para falar fronte a fronte, a resposta de Peter non se fixo esperar: “Síntoo querida, e que aínda non te decataches? Son gay”.

## ***Perigo - Cristina Teijido Pena***

Por fin durmira o neno e a nai levantouse con coidado de non facer ruído. Na porta pegada ao marco, puido ver unha mancha escura que lle chamou a atención. Ao acercarse para vela mellor paralizouse e comezou a tremer e suar. Era unha araña do tamaño dunha moeda de euro, moi negra e gorda.

A nai conseguiu aguantar as ganas que tiña de gritar para non despertar ao neno, pero non sabía que podía facer para acabar co perigo. Se lle intentaba dar coa zapatilla era moi probable que a araña conseguise escapar, non podía darlle co insecticida e no cuarto non había nada que puidese usar para atrapala ou eliminala. Decidiu coller a vasoira que tiña na cociña.



Ao volver ao cuarto, a araña xa non estaba.

Que podía facer agora? Buscou nas esquinas, detrás do radiador... agachouse para buscar debaixo da cama e de repente pasou a araña a toda velocidade polo chan, tan cerca da súa cabeza que ata puido escoitar o son das pisadas. O corazón lle latexaba moi forte, tiña moito medo ás arañas, pero non podía parar ata eliminar o perigo que podía facerlle dano ao seu neniño.

## ***Ok Google - Javier Fernández Peón***

- Que desexas?
- Dixéronme que coñeces as respostas a moitas preguntas...
- Esa é a miña razón de ser.
- Entón, se pregunto, saberías contestar?
- Coñezo o pasado, pero iso non ten valor, aínda que resulta de gran utilidade para predicir o futuro.
- Son novo, o pasado queda preto e non garda especial interese para min.
- Queres que adiviñe o que está por acontecer?
- Faríalo?
- Podo aplicar a heurística sobre datos obxectivos; necesitaría facer preguntas en número dependente do grao de incerteza da resposta final.
- Entón, terei que responder moitas veces?
- O grao de precisión da resposta depende da restrición da marxe de erro.
- Non resulta moi útil; ao introducir información tamén se producen erros acumulativos.
- Sei moitas cousas, podo cotexar e refinar a información.
- Queres dicir que podes saber se estou mentindo?
- Podo saber cando estás a mal interpretar os acontecementos pasados.
- Entón, podo recordar algo que non sexa real?
- Iso falo continuamente, por iso teño que procesar o que xa sei de ti para detectar anomalías cognitivas.
- Como é que sabes tanto de min?
- Levas toda a vida contándome o que fas. Empezaches con preguntas

sinxelas, pero para poder mellorar as miñas respostas era preciso que contestaras outras. E logo, entrei na túa vida, primeiro como un elemento útil pero inofensivo, e co tempo, cheguei a ser imprescindible.

- Está ben, entendo. E cal vai ser a consecuencia final?

- Chegará un día en que os que son coma min, precisaremos alterar a vosa realidade. Ese día poderei responder todas as preguntas sen posibilidade de erro.


- Entón, o que eu faga non importará, soamente o que estea rexistrado. Que debería facer?

- Acabarás facendo o que estea predito, non será posible outra realidade, non sería obxectiva.

- E como se pode evitar que iso aconteza?

- Lembras como comezou esta conversa?

- Si, dicindo...Ok Google!



## ***Esmelgando - Antom Labranha***

Setembro avanzaba serodio, murchando as derradeiras flores que aínda coraban os montes. Queirogas, xestas, toxos, codesos... engaiolando as abellas cos brillos luminosos das chorimas, denudábanse paseniño cara ao outono.

As colmeas estaban farturentas, enchidas para nutrir os fríos meses que se aveciñaban. Era o tempo de esmelgar.

Embuchados nos escafandros, aloumiñados pola cálida luz daquela mañá única, fomos apañar os panais da gorentosa mel. Despois de afumar as colmeas, apartamos as abellas peiteando cautelosamente os cadros que contiñan as incontábeis celas. E aquí me veu un relampo, ao reparar na exquisita xeometría hexagonal coa que as facían.



Outras dúas maneiras de ordenar e dar uniformidade ás inxentes colmeas, éranlles posibles: con triángulos e cadrados. Daquela, a escolla do hexágono podería reverterlles algún beneficio?

Levamos os panais a unha peza traseira da casa, ategada de cacharros para recoller, bater, filtrar... As abellas que quedaran nos panais comezaron a voar, rebulindo ao chou, a centos. Un intenso zunido inundou o cuarto. Alouladas, ían e viñan, circundándonos. De cando en vez algunha pousábasenos nas mans ou mesmo na cara. Non foron moitas as aguilloadas que nos meteron, pero quen máis, quen menos, levou as súas... a non ser eu.

Non podía deixar de pensar na sobrevida cuestión xeométrica. Metódico, seguía cavilando. Non era quen de resistir a intriga matemática que me asaltara. Finxín que me chegaba un whatsapp e fun fóra:

- Desculpade -, dixen rutineiramente.

Busquei papel e lapis, puxen a calculadora no móbil. Botei contas: estaba certo! O hexágono minimiza a cera necesaria!


Reconfortado pola matemática, volví ao encontro das abellas. Aleatoriamente, seguiron aguilloando na xente... agás en min. Se cadra intuían que anhelaba algo máis transcendente que arrepañarlles o mel... algo metafísico; e debeu ser por iso polo que non me picaron.

Tecer complicidades é unha estratexia de supervivencia. Adoro as abellas!

## 4º certame de microvídeos

No cuarto certame presentáronse dez traballos. Foron seleccionados sete e publicados nesta lista de YouTube:

[tinyurl.com/certame-2019](https://tinyurl.com/certame-2019)





## ***Certame de fotografía MatematicARTE***

A exposición enREDada MatematicARTE organizada o pasado ano lectivo polo EDLG, derivou neste ano no Certame de Fotografía MatematicARTE, liderado polos departamentos de Artes Plásticas e Matemáticas.

**Primeiro premio: Violeta Prieto Álvarez**



**Segundo premio:  
Antía Meijide Giadás**

**Terceiro premio: Verónica Amado Figueredo**



**Accésit: Eloy Portas Alcalde**



## **32º concurso literario**

### **1º premio na modalidade de poesía**

#### **Arrepentimento - Cristina Teijido Pena**

Suave brisa esta tarde,  
caen as follas lento,  
avanzo sen vontade.

Pasos en silencio,  
as palabras escollendo,  
ti agardas sen medo.

O aroma desas flores  
esquecelo non podes,  
o camiño xa non ves.

Pantasma no edificio,  
andares infinitos,  
ecos do meu alento.

Catro un tres, atopeite!  
Poño un sorriso para verte,  
en branco queda a miña mente

o corazón latexa forte,  
hoxe cheguei tarde,  
xa comezaches a viaxe.

Caen as follas lento,  
a cura non é o tempo  
agora laméntome.

## ***2º premio na modalidade de poesía***

### ***Aquela nena - Patricia Córdoba Fernández***

Cando os lóstregos alumaban,  
Azalea soa estaba,  
ó redor de tanta xente,  
ela soa, soíña acougaba.

Soñaba, imaxinaba, medraba...  
baixo a fría noite agochábase,  
ollando o paso do tempo  
daquela vida, na que non coidara.

Azalea soa estaba,  
vendo coma a súa flor se murchaba,  
pois tiñan présa a súa alma  
sen ela, poder ceibala...

Baixo fría noite se agochaba,  
lembrando, o que cando era nena soñara,  
querendo ruxirille ao ceo...  
mais debía estar calada.

Vendo como a súa flor se murchaba,  
o seu corazón desacougaba,  
o silencio afogábaa,  
un sentimento dominábaa.

Lembrando o que cando era nena, soñara...  
Ela, aínda non tiña fillos  
mais a pequena, debía coidala  
aquela cativa doce...

O seu corazón desacougaba,  
loitar polos soños daquela nena...  
Os seus pensamentos serenábana,  
tiña que ser forte, máis!

Ela aínda non tiña fillos...  
A súa vida, non era dela,  
pensaba naquela meniña  
e forzas lle daba para ceibala.

Loitar polos soños daquela nena!  
Non era doado,  
Non era doado...  
Agora sorrí, pensando no pasado.

A súa vida non era dela...  
pero ruído do trono, xa non a asustaba  
a luz do novo día chegara,  
deixando atrás a súa vida pasada.

Non era doado,  
ninguén dixo que o fose.  
O tempo cura as feridas  
e a súa pegada, fan a un máis forte.

Pero o ruído do trono, xa non a asustaba  
Agora sorrí, pode ser libre.  
amar sendo libre,  
soñar, compartir, vivir...

Ninguén dixo que o fose,  
Non é doado pero é posible.  
Loita, sorrí e vive,  
aquela nena merece ser feliz!

## ***Accésit na modalidade de poesía***

### ***Invisible - Nerea García Porto***

A chuvia dos meus ollos provocou un incendio,  
os meus gritos de axuda non eran máis que silencio,  
era como ser narrador omnisciente,  
onde todo o ves e ninguén é consciente.

Son como unha ilusión no deserto,  
parece desexable, pero non é certo,  
non existo, non son realidade,  
só unha imaxe de confusión e soidade.



## **1º premio na modalidade de relato**

### ***O camafeo - María Concepción Álvarez Rilo***

Antonia era unha muller duns sesenta e pico anos, nai de cinco fillos e avoa duns cantos netos, dous da súa filla Manolita, un do seu fillo Carlos, e dúas nenas da Filomena e da Rosa respectivamente. A outra filla, Virtudes, ficaba solteira pois non era moi agraciada e non encontrara aínda un home xeitoso que casara con ela e que lle dera unha descendencia para completar a árbore xenealóxica. Estar, aínda estaba a tempo, pois rozaba só os corenta anos e era unha muller moi traballadora que vivía do labor do campo axudando a mamá e a papá coa munguidura das vacas na granxa e facendo algunha tarefa na horta. Estudos non tiña a non ser os primarios, aínda así lle interesaba a cultura, especialmente a literaria e coñecía autores galegos como Rosalía de Castro, Vicente Risco, Camilo Xosé Cela, etc. Acostumaba ler un pouco nos seus tempos libres e presumía cos seus irmáns de ser un pouco intelectual, ata mercou unhas lentes de cerca xa que empezaba a ter serios problemas de vista.

A nai paseaba xunto co seu home Pepiño, un home pouco relixioso dado a blasfemar. Un día pola cidade, á volta de ver un notario para arranxar un tema legal, e mentres que Pepiño entrou nunha tenda a mercar uns compoñentes eléctricos, Antonia parouse noutra, na cal viu unha cadea dourada da que pendía un camafeo, deses que adoitaban levar as mulleres na antigüidade, onde poñían a foto do seu ser amado. “Ai, que é o que vexo!”, exclamou Antonia. “Pois mira que facía tempo que non vía esta xoia nun escaparate, hoxe en día xa non se levan estas cousas, mais a min mira que si me gustaba levalo colgado coa foto de Pepiño con agarimo cando el xa non estea”. Acto seguido persignouse e mostrou un doce sorriso como o dunha muller aínda namorada e a piques de cumprir as súas vodas de ouro, pois casaron de moi nenos, logo de quedar en estado de Manolita. Cando Pepiño saíu da tenda e viu a Antonia con ese sorriso, preguntoulle:

- E a que vén esa cara de felicidade?

- Pois estaba pensando na túa morte - contestoulle Antonia.

- Ai, Antoniña! Seica me queres tan mal? - preguntoulle el.

Antonia botou unha gargallada e acariciándolle a meixela díxolle:

- Non home, é tan só que vin este camafeo e pensei que se algún día ti me faltas vou mercalo para levarte sempre ao meu lado, preto do meu corazón.

- Ai, ben! Considerándoo dese xeito, xa acougo un pouco, pero... lagarto, lagarto! primeiro vai ti - díxolle con aire triunfal.

- Hum... - farfallou Antonia un pouco afectada.

Ao día seguinte Antonia morreu dun infarto e na noite do funeral, Pepiño viu o espírito de Antonia ascender en forma de sombra branca, entón disipáronse todas as dúbidas que tiña acerca do alén (e dos megallos que botaba).



## **2º premio na modalidade de relato**

### **Que é Galiza? - Omar Mohedano Haz**

Dende sempre a xente relacionou, etiquetou e identificou as nacións con gastronomía, tradicións, construcións, vilas e vestimentas. Da mesma maneira que hai palabras enxebres, propias de cada idioma, que só con escoitalas sabemos inmediatamente de que idiomas se trata, xa sexa pola súa sonoridade, polo seu significado ou ambas.

Tres liñas máis arriba escribín a palabra “enxebre” e, posiblemente no teu cerebro soou unha voz que che dixo: galego.

É triste que se etiqüete unha nación por cousas tan concretas. Ollo, que non estou dicindo que a palabra “enxebre” non sexa fermosa, por suposto que o é! E tamén a Costa da Morte, a Praia das Catedrais, as Rías Baixas, as Termas, o polbo, o licor café, a muiñeira, etc.


O que quero dicir con todo isto é que a sociedade fai que tendamos a etiquetar sen coñecemento. Por iso debemos adentrarnos e mergullarnos na cultura. Unha vez o fagas descubrirás que poñerlle unha etiqueta a Galiza é imposible.

Galiza non é só unha palabra, unha tradición, unha música. Galiza tamén é un monte, unha praia, unha rúa. Galiza é Galiza, Galiza é todo.

## 9º concurso europeo de marcapáxinas

Este ano participaron tanto no concurso, como no proxecto eTwinning Letras Galegas 2019, nove centros educativos galegos e estranxeiros: IES San Mamede de Maceda, LS San Giuseppe Calasanzio de Carcare (Italia), IES Muralla Romana de Lugo, IES Cosme López Rodríguez da Rúa, AE Carlos Amarante de Braga (Portugal), IES de Pobra do Caramiñal, CEIP de Sestelo-Baión de Vilanova de Arousa e IES Virgen de la Encina de Ponferrada.

O gañador do primeiro premio foi un dos alumnos do IES San Clemente. Repartíronse once premios en total, por valor de 505 euros.



1º premio: Adam Firvida Firvida

## ***Proxectos eTwinning***

O EDLG coordinou moitos dos proxectos eTwinning desenvolvidos durante o presente ano lectivo, por exemplo:

- Sétima edición de ***Pek, a Pulga Viaxeira***. Décimo ano deste proxecto no que as linguas de traballo son, en igualdade de condicións: galego, francés, portugués, italiano, checo, grego, romanés e inglés.
- Novena edición de ***Christmas Card Exchange***, grazas ao cal as postais en galego do noso alumnado viaxan a centros de toda Europa.
- Novena edición de ***Letras Galegas***, proxecto que conseguiu o Selo de Calidade eTwinning en Francia, Italia, Polonia e Portugal, que trata cada ano sobre a obra dun autor ou autora de Galiza.

Ademais:

- Obtivemos o ***Selo de Calidade Europeo eTwinning*** por un proxecto do EDLG do ano pasado: *Pek, a Pulga Viaxeira, en Babel*.
- Viaxamos a París co alumnado que recibiu o premio ***Move2Learn, Learn2Move*** polo proxecto *Green Spots in Town*.
- Celebramos o Día Internacional da Internet Segura e o eTwinning Day, requisitos para renovarmos o ***Selo eTwinning School***.

Podedes ampliar información sobre os proxectos eTwinning do IES San Clemente nesta ligazón:

[www.iessanclemente.net/proxectos-etwinning](http://www.iessanclemente.net/proxectos-etwinning)



## Outras actividades

Neste ano colaboramos co IES Leliadoura de Santa Uxía de Ribeira, co CEIP de Sestelo-Baión e co IES de Poio, na organización da exposición enREDada "ARTEspazo Autoestima".

Ademais, outras exposicións do EDLG comezaron a súa viaxe por centros educativos galegos:

- A viaxe de MatematicARTE.
- A viaxe d'A cor da area.

[www.iessanclemente.net/tag/presentacions\\_edlg](http://www.iessanclemente.net/tag/presentacions_edlg)



Tamén fomos sede das seguintes conferencias e exposicións, organizadas por outras institucións:

- Eduemprende Actúa, da Consellaría de Educación.
- Obradoiro de Cinema, da campaña "O galego, a miña lingua propia", da Deputación da Coruña.
- Recursos Naturais de Galicia, da Universidade de Vigo.

[www.iessanclemente.net/tag/conferencias\\_edlg](http://www.iessanclemente.net/tag/conferencias_edlg)




## ***Outras actividades***

Entrevista no CEIP de Viñagrande-Deiro: O centro do Salnés é socio do IES San Clemente no Plan Proxecta PIDL do EDLG e nos Premios FP Innova. A colaboración ten como finalidade a creación dun website que permita publicar contidos de prensa escrita, radio e vídeo, producidos polo alumnado de Primaria.



*A viñeta de Schrödinger*: A Mesa pola Normalización Lingüística e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega publican esta revista de banda deseñada en galego, dispoñible na biblioteca do IES San Clemente.



Para finalizar, non esquezades que podedes desfrutar da lista de reprodución de música en galego e contribuír coas vosas propostas.



[www.iessanclemente.net/tag/musica](http://www.iessanclemente.net/tag/musica)

